

# La Región

## Os socialistas do Irixo piden un plan para frear o despoboamento

Redacción | O Carballiño | 08 de Mayo de 2019

Os socialistas engaden que unha vez elaborado o borrador deberase expoñer á consulta de toda a veciñanza previa a súa aprobación no pleno

O portavoz do grupo municipal socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou unha moción para desenvolver un plan estratéxico "para garantir o futuro do Irixo". Para elo, propón primeiramente proceder á realización dunha análise e diagnóstico da situación do Concello e a continuación crear grupos de traballo técnicos, políticos e cidadáns, onde estean representados os colectivos sociais, culturais, empresariais e asociativos para o debate e deseño dun borrador do plan estratéxico.

Iago Fariñas sinala que esta proposta é a consecuencia de que "durante os últimos anos o Concello do Irixo vense desangrando poboacionalmente". Afirmo que chegou a ter preto de 7 mil habitantes (6.826) e na década dos anos oitenta aínda conservaba máis de 4 mil, pero que na actualidade apenas hai 1.400 veciños, e con máis da metade da poboación de máis de 65 anos.

A esto súmase a falta de emprego e a falta de servizos que obrigan á veciñanza a desprazarse a outros lugares para satisfacer as súas necesidades ante a pasividade de un goberno municipal que sigue anclado no pasado, mentres o Irixo esmorece pouco a pouco", matiza.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección [/articulo/o-carballinho/socialistas-do-irixo-piden-plan-frear-despoboamento/20190508223735870620.html](http://articulo/o-carballinho/socialistas-do-irixo-piden-plan-frear-despoboamento/20190508223735870620.html)

© 2019 La Región

# La Región

© La Región S.A.

Contenidos con licencia [Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/)

opennemas | POWERED BY OPENHOST